<ul style="list-style-type: none"> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.</li> <li>- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.</li> <li>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> <li>- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.</li> <li>- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.</li> <li>- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.</li> <li>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.</li> <li>- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.</li> <li>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Creando a nosa Horta	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.	TI
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións con axuda en situacións de intercambio comunicativo sobre gustos, preferencias e inquedanzas	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coidase e coida a contorna.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Plantamos e descubrimos os animais da Horta	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.3 - Recoñecer as percepción sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.	TI
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións con axuda en situacións de intercambio comunicativo sobre gustos, preferencias e inquiredanzas	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coidase e coida a contorna	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve con autonomía actividades da vida cotiá.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situacións da vida cotiá.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.</li> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.</li> <li>- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	A nosa colleita	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece algunhas semellanzas e diferenzas nas persoas.	TI
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións con axuda sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coidase e coida a contorna	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situacións da vida cotiá.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Participa nas actividades diarias amosando asertividade e tolerancia.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Imita situacións no xogo simbólico.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Escoita e respecta as aportacións sobre as normas sociais	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propondo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propondo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa en actividades culturais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.</li> </ul>

## Contidos

- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía da nosa programación susténtase nuns principios que se enmarcan nunha concepción construtivista da aprendizaxe. Tales principios deben estar presentes na práctica educativa diaria e son:

\* Construtivismo, os alumnos/as constrúen a súa aprendizaxe partindo dos seus coñecementos previos, de xeito que os novos elementos introducidos supoñan a reestruturación (reelaboración, enriquecemento e diversificación) dos seus esquemas cognitivos. Neste senso o papel do mestre será o de crear as condicións necesarias que o alumno/a a iniciar un proceso de reflexión, investigación, descubrimento e superación dos conflitos cognitivos propostos.

\* Aprendizaxe significativo, partindo sempre dos coñecementos previos dos alumnos/as, os nenos/as integrarán as novas aprendizaxes nos seus esquemas cognitivos, de xeito que adquiran un significado para eles, de maneira que poidan relacionar o novo co que xa saben.

Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...

\* Principio da globalización, aceptando que a aprendizaxe non se leva a cabo por acumulación de elementos á estrutura cognitiva do alumno (esquemas cognitivos), senón pola reorganización dos mesmos integrando os elementos existentes cos novos; faise necesario un tratamento globalizado do proceso de ensinanza-aprendizaxe no cal o alumno/a poida interrelacionar os seus coñecementos previos cos novos. Tendo en conta que tódolos coñecementos abarcan diferentes campos tanto físicos, sociais como afectivos é imprescindible o tratamento global de todos eles e non por separado ou como compartimentos estancos.

\* Socialización e comunicación, considerando a colaboración e traballo en grupo como a mellor vía para lograr unha aprendizaxe realmente significativa, fomentárase a organización de actividades de carácter grupal onde a comunicación e o diálogo sexa a vía de solución de problemas, conflitos e respecto as diferenzas.

Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.

\* Afectividade e actividade, créase un ambiente democrático, onde o alumno/a teña parte activa (non só receptora) no seu proceso de aprendizaxe, fomentando as relacións afectivas cos compañeiros, respecto as diferenzas. Asemade dáse importancia o potencial de cada quen, considerando os alumnos como seres intelixentes con tódalas



posibilidades abertas escoitando, aceptando, acordando e tomando un papel activo na aula na toma de decisións autónomas.

\* Individualización e tratamento á diversidade, teranse en conta durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe as características individuais dos alumnos/as así como as súas peculiaridades e ritmos evolutivos individuais. Propóranse sempre que sexa preciso aspectos relativos ó reforzo e ampliación, tendo especial coidado cos alumnos/a con necesidades educativas especiais.

Estarán presentes no deseño de actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

\* Funcionalidade e aprendizaxe por descubrimento, preténdese en todo momento que as actividades propostas sexan funcionais para os nenos/as de xeito que atopen nelas una necesidade, un obxectivo e un porqué de realizalas. Este tipo de tarefas de carácter funcional buscarán sempre a aprendizaxe por descubrimento, de xeito que o alumno/a mediante a súa práctica e actividade descubra e integre nos seus esquemas cognitivos os novos coñecementos.

Empregaremos de este modo a concepción de unidades didácticas coma proxectos nos que se intentará resolver un problema ou facer un produto social relevante. En todas as unidades, menos na primeira, haberá que levar a cabo actividades de pequenas investigacións e búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar á meta definida, difundir o resultado e levar a cabo unha avaliación do proceso.

Teremos en conta ademais:

\* Aprender a aprender, dotarase os alumnos/as das ferramentas e estratexias necesarias para elaborar o seu propio aprendizaxe (auto aprendizaxe) o importante non é o que se sabe senón dispoñer das ferramentas necesarias para que autonomamente poda chegar a ditos coñecementos cando os precise.

\* O xogo que como actividade propia do neno/a destas idades e utilizarémolo para alcanzar moitos obxectivos. utilizaremos un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...

\* O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

- O papel activo das familias para conseguir continuidade e eficacia no proceso educativo. A través das distintas canles de comunicación establecidas no PE: entrevistas, reunións, contactos informais, tutorías, actividades educativas nas que poidan participar.

- A coordinación entre docentes entre titoras, profesora de relixión, valores, especialista en inglés, especialista en psicomotricidade, xefa de D.O.....e; a interconexión das etapas infantil - primaria para conseguir unha coherencia educativa, xa que isto favorecerá o tránsito dunha etapa a outra; para iso intercambiaremos información sobre o alumnado, as súas familias, a metodoloxía...

Concretamente para a área que nos atopamos (CRR) sempre deberemos ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, sen considerar a ningunha por enriba das demais. Teremos sempre en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha para un mellor autoconhecimento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reproductor musica

Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa ( Alumnado, persoal docente e non docente, familias ) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
Instrumentos musicais.
Materiais naturais (follas, landras, terra, flores...)

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A finalidade da avaliación inicial é a de coñecer o contexto da nosa aula e analizar as competencias do noso alumnado así como as posibles necesidades, polo que é un proceso que actúa como factor preventivo. Deste xeito poderanse contextualizar e individualizar os acordos necesarios e facer unha boa planificación do proceso de ensino-aprendizaxe. Igualmente este tipo de avaliación realizarase sempre que un alumnao se traslade dun centro a outro. Asemade, a avaliación inicial realizarase unha vez superado o período de adaptación cando o alumnado se atope adaptado ás rutinas e a realidade da aula.

Para levar a cabo a avaliación inicial cómpre ter en conta a información recollida durante a mesma así como as achegas das familias na entrevista inicial.

A avaliación inicial recollerá os datos máis destacados do seu proceso de desenvolvemento, terá en conta os datos relevantes achegados pola información das familias na entrevista inicial e, se é o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar.

Dita avaliación levarase a cabo a través da observación directa e sistemática, a través da análise das súas producións, mediante a información aportada polas familias e a través dun diagnóstico do estado físico, emocional e dos coñecementos prevos do alumnado.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### **Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a.

### **Criterios de recuperación:**

Este apartado non procede nesta etapa educativa

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Tomando como referencia o artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Cando falamos de alumnos/as con necesidades cómpre saber se se tratan de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) ou Necesidades Educativas Especiais (NEE). Segundo o artigo 6 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por Alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (ANEAE) aqueles alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Igualmente seguindo o disposto no artigo 7 enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Aplicar metodoloxías e estratexias de ensino-aprendizaxe flexibles, participativas, activas, creativas, de equidade e que favorezan as relacións interpersoais e o respecto mutuo.
- Organizar a aula en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Empregar o Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA) como ferramenta para superar as barreiras no contexto educativo creando contados de carácter universal.
- Buscar a optimización e a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado.
- Dispoñer de materiais diversos que atendan a diversidade da aula e faciliten a motivación e a aprendizaxe de todo o alumnado.
- Aproveitar as múltiples posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e comunicación.
- Propiciar situacións de ensino-aprendizaxe centradas nas potencialidades do alumnado, en lugar de partir das súas dificultades.
- Interactuar co alumnado estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa favorecendo a interrelación entre o alumnado e a enseñanza e os apoios naturais entre iguais.
- Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas ou empregando a técnica do encadeamento.

- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima
- Traballar en base ao modelado e á imitación.
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH.
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servizos sanitarios, sociais, etc).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - - Hábitos de control corporal.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - - Coidado da contorna e dos seres vivos.					X	X	X
ET.5 - - Educación para o consumo responsable.		X			X		
ET.6 - - Educación igualitaria e libre de estereotipos.	X	X	X	X	X	X	X

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoa experta.	Cada trimestre invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que actúe como experto na materia que estamos a traballar.			
Contacontos	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que veña a contar un conto relacionado coa materia que estamos a traballar.			
Saída de campo	Cada trimestre realizaremos unha saída para afondar no traballo da aula			
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso			
Obradoiros solidarios	As familias xunto có alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros, recollida de roupa ou tapóns, etc			
Proxectos medioambientais	Se poderá participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza.			
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas
Metodoloxía empregada
Elementos curriculares presentes nas actividades
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización de actividades adecuada
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación
Empréganse diversos recursos didácticos
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente
Promóvese a participación das familias

### Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza para poder modificalo e melloralo

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

## 9. Outros apartados